

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2015

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día catorce de decembro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, don Jesús Bao Bouzas, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Antes de dar comezo á sesión, o Sr. alcalde manifesta que lle gustaría informar a toda a Corporación e aos veciños e veciñas de Cambre, que hai un par de días o comandante do posto da Garda Civil de Cambre púxose en contacto con el para dicir que van recomendar facer un recoñecemento da Garda Civil aos dous policías locais de Cambre que detiveron o sábado día 7 a dous albanokosovares aquí en Cambre. Cre que teñen que agradecerlles e facerlles un recoñecemento tamén eles como Corporación. Agradecer a Manel, número de placa 050011 e a José María, número de placa 050030, a súa profesionalidade e a súa valentía no desempeño das funcións que deron coa detención desas dúas persoas, que xa están no cárcere.

En nome de todos os veciños e veciñas de Cambre, e dos membros da Corporación, agradécenlles o seu labor e o seu traballo.

A continuación, e aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Toma de posesión como concelleira do Concello de Cambre de dona Josefa Vázquez Soto

A secretaria da Corporación informa de que para adquirir a condición plena de concelleiro ou concelleira esíxense unha serie de requisitos. Un deles é presentar na Secretaría xeral a credencial expedida pola Xunta Electoral, outro cubrir a declaración de bens, incompatibilidades e actividades para a súa inscrición no Rexistro de Intereses, e, finalmente, prestar xuramento ou promesa de acatar a Constitución.

En relación co cumprimento destes requisitos, pola secretaria da Corporación faise constar o seguinte:

1º Que a credencial expedida pola Xunta Electoral Central a prol de dona Josefa Vázquez Soto rexistrouse de entrada no Concello de Cambre o día 9 de decembro de 2015, co núm. 0/10996.

2º Que dona Josefa Vázquez Soto presentou ante a Secretaría xeral, o día 10 de decembro de 2015, a declaración de bens e dereitos patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, segundo modelo aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 28 de outubro de 2010. Esta declaración foi inscrita no Libro 1º do Rexistro de Intereses "Bens patrimoniais" co número de orde 267.

3º Que dona Josefa Vázquez Soto presentou ante a Secretaría xeral, o día 10 de decembro de 2015, a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lle proporciona ou poida proporcionar ingresos económicos, segundo modelo aprobado polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 7 de xuño de 1991. Esta declaración foi inscrita no Libro 2º do Rexistro de Intereses "Incompatibilidades e outras actividades" co número de orde 255.

4º Por último, faise constar que dona Josefa Vázquez Soto presentou ante a Secretaría xeral, o día 10 de decembro de 2015, copia compulsada da última declaración tributaria do Imposto sobre a renda.

Así pois, deu cumprimento a todos os requisitos.

Polo tanto, di que o único que queda é prestar xuramento ou promesa de acatar a Constitución.

A continuación, co fin de cumprir o requisito legal de prestar xuramento ou promesa, segundo dispón o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, de 29 de xuño, dona Josefa Vázquez Soto presta xuramento coa fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril, e promete pola súa conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Cambre, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

O señor alcalde dá a benvida a dona Josefa Vázquez Soto, como concelleira polo PSdeG-PSOE.

2. Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016

Vista a proposta de Alcaldía de data 4 de decembro de 2015, que consta do seguinte teor literal:

"O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de investimentos financiados con cargo ao Plan de Obras e Servizos do ano 2016.

Unha parte irá destinada a gasto corrente (<50%) e a outra a investimento.

Os criterios de selección para os investimentos baséanse na mellora das condicións da seguridade viaria en rúas e camiños de titularidade municipal e en actuacións encamiñadas ao aforro enerxético.

A elección dos proxectos a escoller tivo en conta varios factores: as demandas veciñais, as propostas realizadas polos grupos municipais nos últimos tempos e do goberno municipal

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

O proxecto que persegue a mellora da seguridade viaria nos camiños municipais é o encadrado no proxecto principal "**Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre**". A actuación consiste esencialmente na renovación de firmes nuns camiños municipais, primeiro co lavado de firme, facéndose un reperfilado das cunetas, para logo nivelar, extender e compactar con material de achega e zehorras, e por último, a extensión do aglomerado en quente sobre o firme existente, fresado onde sexa necesario, regularización, recrecido de pozos, sumidoiros, arquetas, potes e bocas.

Como plan complementario propónse a obra denominada "**Actuacións de mellora e aforro no alumeadado público nas parroquias de Anceis, Brexo, Cambre e Cecebre, Cambre 2015**", que consiste por unha banda na supresión de puntos a consumo libre e por outro na reposición de lámpadas e equipos e na reforma de cadros. Na tipoloxía I, obterase un control sobre os accesos e redución do fluxo, de ser o caso, sobre estes puntos de luz, que actualmente están comandadas por fotocélulas, coa implantación de novos centros de mando e de reductores-estabilizadores de tensión. Na tipoloxía II procederáse á substitución das reactancias electrónicas multinivel que presentan un funcionamento deficiente por equipos compactos compostos por: balasto, arrancador e condensador. Así mesmo procederáse á reposición da lámpada para

garantir o correcto funcionamento do conxunto e asegurar integramente a vida útil dos puntos de luz da instalación.

En base ó punto 2 das bases reguladoras do POS 2016 solicitáronse as autorizacións necesarias para a execución dos proxectos, segundo os correspondentes informes urbanísticos.

Así mesmo e en consonancia co mesmo punto 2 das bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, a proposta inclúe destinar unha parte dos fondos do POS ao financiamento do gasto corrente no orzamento municipal do vindeiro exercicio 2016, esta cantidade non pode sobrepasar o 50 % da cantidade total asignada ao Concello de Cambre, sobre unha achega máxima de **398.648,25** euros da Deputación. O investimento da obra do Plan Principal ascende a **203.544,91** euros, esto supón o **51,06 % para investimento**, destinando **195.103,34** € para gasto corrente (**48,94 %**)

Tendo en conta todos estes razoamentos e:

Vista a circular procedente da Excm. Deputación provincial da Coruña, con rexistro de entrada o día 9 de outubro de 2015, e número de rexistro 0/9333, respecto da elaboración do plan de obras e servizos de competencia municipal, POS 2016.

Vistos os proxectos elaborados pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data de novembro de 2015

Vistos os informes urbanísticos emitidos polo arquitecto municipal de datas 23 e 26 de novembro de 2015

Visto o informe do Interventor municipal de data 3 de decembro de 2015

En base ó anterior, **propono** ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Participar no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre	203.544,91 €	0,00	203.544,91 €
SUBTOTAL OBRAS	203.544,91 €	0,00	203.544,91 €

Aprobar o proxecto da obra incluída na anualidade 2016 e que se relaciona nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	195.103,34 €
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	195.103,34 €

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS	203.544,91 €	0,00 €	203.544,91 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	195.103,34 €	0,00 €	195.103,34 €
TOTAL	398.648,25 €	0,00 €	398.648,25 €

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúe a obra que a continuación se indica , e aprobar o correspondente proxecto :

Denominación da obra	Orzamento
Actuacións de mellora e aforro no alumeadado público nas parroquias de Anceis, Brexo, Cambre e Cecebre. Cambre 2015	62.471,49 €
TOTAIS	62.471,49 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente son necesarias, esto de conformidade co establecido nas Bases nºs 2.1 e 5.3 das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2016), publicadas no BOP nº 196 do 14/10/2015.

4.- O Concello comprométese a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si ésta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento .

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente do día 9 de decembro de 2015.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica respecto do reparto das cantidades que lles corresponden polo POS, que o 50% dedícase a gasto corrente, dous puntos limpeza viaria en concreto, e o resto á mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre, sobre todo son obras de asfaltados.

En canto ao plan complementario, que é aquel plan que se prevé coas baixas do plan principal, as actuacións que se levan a cabo son as actuacións de mellora e aforro na iluminación pública nas parroquias de Anceis, Brexo, Cambre e Cecebre. Consiste sobre todo na reposición de lámpadas, equipos de reformas de cadros, e sobre todo uns cadros que leva o concello, que son en Cambre, tres no Espírito Santo, en Brexo e na parroquia de Anceis.

Conclúe dicindo que iso é no que consisten as obras.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que como dixeron nas comisións do día 9, o voto do seu grupo vai ser favorable. Alégranse moito que parte destas obras sexan proxectos que o seu equipo de goberno xa deixou preparados, como son, por exemplo, a estrada de Sobreguexe, etc. Polo tanto reitera que o seu voto vai ser favorable.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que xa está feita a descrición do investimento deses 400.000 euros, pero o que si querería, de cara á comunicación aos asistentes e para que conste en acta, é facer unha mención do que supuxo no seu momento a modificación do espírito inicial do POS que, como o seu nome indica, é un plan de obras e servizos, ou debería ser un plan de obras e servizos, que elabora a Deputación para colaborar con todos os concellos da provincia, ao que destina 24 millóns de euros, dos cales a Cambre tócanlle 400.000 euros, por facer cifras exactas, aproximadamente 400.000 euros.

Facía mención á modificación do espírito do POS, posto que orixinariamente destinábase integramente á execución de obras e servizos, pero actualmente, deses 400.000 euros teñen que perder, entre comiñas, ou deixar de investir en obras a metade, 200.000 euros, para financiar gasto corrente. É dicir, que dos 400.000 euros que lles tocan, poden destinar ao benestar, á mellora da calidade de vida, dos camiños, parques, prazas, etc, soamente 200.000 euros.

É de xustiza explicar cal é o motivo. A necesidade de deixar 200.000 euros para gastar en gastos correntes e non poder investilos na mellora do concello, das infraestruturas e obras do concello, vén do concepto maldito de estabilidade financeira, e fai referencia a esa modificación traidora que lles colaron PP e PSOE, para que quede claro que efectivamente teñen que gobernar dende a pobreza. Incluso en aplicación dese diñeiro que lles vén da Deputación, de 400.000 euros, teñen que sacrificar 200.000 necesariamente pola modificación do famoso e do maldito artigo 135 da Constitución Española. Están obrigados a recortar, porque non poden endebedarse, e os ingresos que lles entran adicionalmente teñen que destinalos a pagar eses gastos correntes.

Respecto do que lles queda, os 200.000 euros restantes, evidentemente van votar a prol, non pode ser doutro xeito. Non lles queda máis remedio que tragar coas migallas que lles van quedando e ir tirando como poidan con esas obras, que son necesarias, pero que co outro tanto, cos outros 200.000 euros, de no ser por esa, insiste, reforma traidora do artigo 135 da Constitución, poderían dispoñer para mellorar aínda máis o necesitado Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, como xa dixeron na comisión informativa, van votar favorablemente.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que son moitas as necesidades que requiren investimento, eles cren que isto é relevante, e o seu voto tamén vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a integran, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3. Aprobación, se procede, do Plan de acción social (PAS) 2015

Vista a proposta de Alcaldía de data 4 de decembro de 2015, que consta do seguinte teor literal:

“O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de investimentos financiados con cargo ao Plan de Acción Social do ano 2015.

Os criterios de selección para os investimentos baséanse na sosteñibilidade económica e no carácter social dos mesmos no

caso do campo de fútbol e do parque infantil, e no referente a mellora de camiños, baseábase na mellora das condicións da seguridade viaria en rúas e camiños de titularidade municipal.

A elección dos proxectos a escoller tivo en conta varios factores: as demandas veciñais, as propostas realizadas polos grupos municipais nos últimos tempos e do goberno municipal

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

O proxecto con carácter social que persegue a mellora da calidade de vida das persoas usuarias do campo de fútbol de Brexo-Lema favorecendo a práctica deportiva e as relacións sociais especialmente da infancia e a xuventude é o encadrado no proxecto principal **“Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol “Os Pinares” Brexo”**. A actuación consiste esencialmente na colocación de cespede artificial para un maior e mellor uso das instalacións, na mellora do sistema de drenaxe, na instalación dun novo sistema de rego, no cambio dos equipamentos deportivos, na colocación dunha nova barandilla de peche e na preinstalación de iluminación e columnas de alumeadado.

O plan principal complétase coa obras **“Renovación de firme en Seoane (Anceis) e Patiña (Cambre)”** que consiste na renovación de firmes nuns camiños municipais, primeiro co lavado do firme, facendose un reperfilado das cunetas, para logo nivelar, extender e compactar con material de achega e zehorras e por último a extensión do aglomerado en quente sobre o firme existente, fresado onde sexa necesario, regularización, recrecido de pozos, sumidoiros, arquetas, potes e bocas.

Como plan complementario propónse outra obra de carácter social que vai especialmente dirixida a mellorar a calidade de vida da infancia e das persoas con diversidade funcional que é a obra denominada **“Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines”**, que consiste principalmente na mellora dunha praza, por unha banda no traslado do parque infantil existente no centro da praza para outro lugar da praza máis axeitado e por outra na mellora do drenaxe da praza. O novo parque infantil na parte inferior da praza farase con pavimento de caucho con cores vivas, diferenciando dúas zonas unha para pequenos e outra para rapaces. incluíndo algúns elementos de xogos accesibles, adaptados e integradores para nenos con discapacidade. Tamén se fai unha bancada de madeira, colócanse unhas papeleiras, unha fonte adaptada e un peche perimetral.

O plan complementario complétase coa obra **“Mellora da seguridade vial en Sobreguexe (Cecebre) e renovación de pavimento en Castrillón (Pravio)”** consiste esencialmente na renovación de firmes nuns camiños municipais, primeiro co lavado do firme, facendose un reperfilado das cunetas, para logo nivelar, extender e compactar con material de achega e zehorras e por último a extensión do aglomerado en quente sobre o firme existente, fresado onde sexa necesario, regularización, recrecido de pozos, sumidoiros, arquetas, potes e bocas

En base ó punto 5.1 e 5.3 das bases reguladoras do PAS 2015 solicitáronse as autorizacións necesarias para a execución dos proxectos, segundo os correspondentes informes urbanísticos.

Tendo en conta todos estes razoamentos e:

Vista a circular procedente da Excm. Deputación provincial da Coruña, con rexistro de entrada o día 9 de outubro de 2015, e número de rexistro 0/9332, respecto da elaboración do plan de acción social 2015, PAS 2015.

Vistos os proxectos elaborados pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data de novembro de 2015, polo enxeñeiro de camiños municipal de novembro de 2015 e da enxeñeira de camiños Dona. Elena Urcola Telleira, da empresa **“EDURCOIN S.L.”**

Vistos os informes urbanísticos emitidos polo arquitecto municipal de datas 1, 2 e 3 de decembro de 2015

Visto os informes do Interventor municipal de data 3 de decembro de 2015.

En base ó anterior, **propono** ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1.- Participar no Plan de Acción Social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos e, financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol "Os Pinares" Brexo	489.036,67 €	3.065,87 €	492.102,54 €
SUBTOTAL OBRAS	489.036,67 €	3.065,87 €	492.102,54 €

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
"Renovación de firme en Seoane (Anceis) e Patiña (Cambre)"	54.574,58 €	342,14 €	54.916,72 €
SUBTOTAL OBRAS	54.574,58 €	342,14 €	54.916,72 €

C) Resumo

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos de carácter social: Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol "Os Pinares" Brexo	489.036,67€	3.065,87€	492.102,54 €
Subtotal outros investimentos: "Renovación de firme en Seoane (Anceis) e Patiña (Cambre)"	54.574,58€	342,14 €	54.916,72 €
TOTAL	543.611,25€	3.408,01€	547.019,26€

2.- Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Investimentos financeiramente sostibles de carácter social	Orzamento
"Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines"	106.941,32€
TOTAL	106.941,32€

Outros investimentos financeiramente sostibles	Orzamento
"Mellora da seguridade vial en Sobreguexe (Cecebre) e renovación de pavimento en Castrillón (Pravio)"	99.467,64€
TOTAL	99.467,64€

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente son necesarias, isto de conformidade co establecido nas bases 5.1 e 5.3 das reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015 publicadas no BOP número 196 do 14/10/2015.

4.- O Concello comprométese, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste plan se a houbera.

- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si ésta se produce efectivamente.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento.
- 7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente do día 9 de decembro de 2015.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que o PAS denomínase así como un plan de acción social. Os proxectos que están incluídos son o proxecto de “Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol Os Pinares. Brexo”, cunha cantidade de 492.000 euros, e no mesmo plan principal, unha “Renovación de firme en Seoane (Anceis) e Patiña (Cambre)”, cunha cantidade de 54.916,72 euros.

Nos proxectos complementarios, que xa explicou antes a que equivalían, está o “Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines”, máis unhas obras complementarias na propia praza, por unha cantidade de 106.941,32 euros e a “Mellora da seguridade viaria en Sobreguexe (Cecebre) e renovación de pavimento en Castrillón (Pravio)”, por un valor de 99.467,64 euros. Estas últimas obras son sobre todo de asfaltados.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que aínda que nas comisións o seu grupo se abstivo, loxicamente porque tiveron que estudar o proxecto, van cambiar o voto e van votar a prol, non sen antes dicir que neste plan de acción social, hai unha parte moi importante, ou case toda, por importe de 492.000 euros, que é un compromiso desta Corporación e do anterior Goberno, de facer un campo de herba artificial en Brexo Lema.

Expón que o compromiso que adquiriu o anterior Goberno non era precisamente destinar a isto fondos do Plan de Acción Social, ou do antigo PAI, o plan de aforro e investimento, senón conseguir para o Brexo Lema unha subvención nominativa por parte da Deputación Provincial. Iso mudou.

Efectivamente mudaron as circunstancias, e eles van votar a prol, pero o que lles recriminan é que non puxeran sobre a mesa da Deputación precisamente conseguir que a Deputación investira eses cartos como unha subvención nominativa, así, eses 492.000 euros poderían terse investido noutras obras do Concello de Cambre, como dicía a compañeira Olga, tan necesitado.

Conclúe reiterando que o seu voto vai ser, de todas formas, favorable, como non podía ser doutro xeito.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós explica que si se puxo enriba da mesa da Deputación, o problema é que non había ningunha solicitude oficial, nin había ningún recoñecemento por parte da Deputación desas circunstancias. Como o Sr. Rivas moi ben dixo, isto é unha obriga, o votaron todos no pleno e, polo tanto, crían, ao seu entender, que non debían deixalo a unha posterior postura da Deputación. Había que cumprir con esta carga que tiñan adquirido, e aí estaba o PAS para cumprila.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad dille que si, que están de acordo, que as subvencións nominativas non son unha petición oficial, senón que é un compromiso precisamente da presidencia. El está de

acordo, é un deber. É un deber e unha obrigación porque o Pleno, por unanimidade, acordou facer ese campo de herba artificial, pero el cre que igual que a Deputación está dando, o novo presidente da Deputación, está dando outras subvencións nominativas, o que tiñan é que reclamar precisamente esa, porque os servizos técnicos tiñan coñecemento da petición, aínda que iso lóxicamente foi co anterior presidente da Deputación provincial.

Por iso di que eles apoian que se invista, porque cre que o Brexo Lema merece ese campo de herba artificial, e por iso mudaron o voto e lóxicamente van votar a prol.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que el persoalmente pediulle ao presidente da Deputación se lles podían dar unha subvención nominativa para o compromiso que tiñan todos os grupos políticos co tema do campo do Brexo Lema, e o presidente díxolle que ían acabar coas subvencións nominativas e que, polo tanto, o que lles facían entrega era deste monto de cartos e que eles fixeran con eles o que dicían.

Conclúe dicindo que claro que lles gustaría que lles deran 400 ou 600 mil euros máis en subvencións nominativas, oxalá, pero non foi así.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o voto do seu grupo vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que neste punto tamén lle toca dar un tirón de orellas, porque a circular da convocatoria que chega da Deputación sobre o PAS, neste caso, entrou no concello o día 8 de outubro, segundo a documentación que se anexa ao expediente. E comunicáronlles aos grupos que se querían facer achegas para o plan complementario de camiños, podían facelas con data 18 de novembro, é dicir, un mes e dez días máis tarde.

ACdC-SON tardou en entregar a proposta que lles indicaron que podían presentar, coa súa idea para o plan complementario de camiños, 6 días. Tardaron 6 días entendendo a présa con que se convocan este tipo de programas, cunha fin de semana por medio.

O que quere dicir con todo isto é que tan recriminable, nun momento determinado, é que un Goberno como ela ten dito en moitísimas ocasións e moitos dos presentes así o saben, tan recriminable é que un Goberno non te invite a facer propostas, como tan grave é facelo tarde, mal e arrastras para dalgunha forma, non sabe se voluntaria ou involuntariamente, quedar ben coa oposición e despois realmente non ter coñecemento do que se fixo con esa proposta.

Evidentemente, se eles presentan unha proposta mes e medio despois da publicación das bases, e a só un mes de ter que presentar a documentación, os técnicos do concello xa terán feito, ou polo menos encamiñado, o traballo e as propostas de plan complementario e principal como para que de súpeto lles apareza na mesa, dun grupo da oposición, un documento que lles obrigaría a modificar todo o traballo xa realizado, e eles entenden que iso non é operativo para os propios funcionarios do concello.

De todas formas, a proposta que fixeron, sabendo todo iso, fixérona por responsabilidade política, sabendo de antemán que non se tería que estudar coa detención que se debería, vista a data na que presentaron a proposta, e atendendo aos prazos.

Di que se eles fan todo isto é porque se fan un cadro coas doce parroquias do concello e van analizando o que lle toca a cada parroquia, xuntando o POS e o PAS, de plans principais e de plans complementarios, ven que hai parroquias que saen favorecidas, como non pode ser doutra forma, porque saben que os recursos son limitados, pero hai parroquias que saen favorecidas e outras desfavorecidas. Andeiro, Meixigo, Sta. M^a de Vigo carecen de

ningunha actuación, nin no POS nin no PAS, e outras, como Cecebre ou Brexo, están incluídas en actuacións dos dous plans.

Aclara que non di que esas actuacións non sexan necesarias, o que di é que os técnicos non son políticos, nin teñen por que selo, e os políticos non son técnicos, nin teñen por que selo. E isto que parece obvio, en realidade non o é, porque en moitas ocasións, pola inacción dos políticos, os técnicos vense obrigados, entre comiñas, “a gobernar”. E dese xeito, se iso fora así, estarían falando dunha burocracia, do goberno dos burócratas, e non terían por que estar ningún deles aquí sentados.

Pero di que están, e están para elaborar unha priorización respecto das medidas necesarias, e tomalas tendo en conta os recursos limitados dos que dispoñen. Dende ACdC entenden que este POS e este PAS deberíase ter desenvolvido tras recibir a circular o día 8 de outubro, inmediatamente convocar aos grupos, chegar a acordos, ou polo menos dialogar sobre o reparto por parroquias e as necesidades que poidan ter máis prioridades, e dándoselles, nese momento, instrucións aos técnicos para que elaboren a proposta de acordo coas bases, que iso eles non saben facelo, como insiste, non son técnicos, pero si que teñen e si que deben de priorizar, e de marcar esa liña de traballo.

Continúa dicindo que a opción que utilizou o Goberno, non é a mellor opción. Tampouco entende que sexa boa resposta a que lles deu o Sr. alcalde nas comisións informativas, invitándoos, cando ela mesma lle preguntou sobre que tratamento se lle dera á proposta, invitándoos a que falaran directamente co xefe de sección.

Evidentemente non teñen por que ir falar co xefe de sección. O xefe de sección fixo o seu traballo, tal e como indica no informe, da mellor maneira posible, recollendo as peticións dos grupos que vai recibindo, e elaborando un plan do xeito mellor posible.

Explica que o seu voto evidentemente vai ser favorable, e pregúntase se se podería ter feito doutro xeito. Di que seguramente si, incluso ven algunha actuación complementaria, no caso da Patiña, por exemplo, que está coxa, que se orzamentan 7.355 euros para actuar en 250 metros concretos, cando a lonxitude do camiño son 1.200 metros, e para ese orzamento nin se contemplan beirarrúas, a reposición de biondas, etc.. Unha serie de actuacións a maiores que se poderían realizar, non sabe se neste PAS, non o sabe, pero si que poderían chegar a aproveitar para non parchear, dalgún xeito, esas necesidades que ten o concello.

Conclúe dicindo que vai vir moi ben, estupendamente, pero que de cara a sucesivas actuacións deste tipo o que pedirían é que se fixera, que se propuxera doutro xeito.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle á Sra. concelleira que está invitada a que no vindeiro POS e PAS do 2016, propoña calquera tipo de actuación que crea necesaria. Cre que a un ano vista é suficiente xa para que vaian pensando no POS e no PAS do ano 2016.

Dende logo a Sra. concelleira ten razón, e non é a mellor forma de facelo, pero tamén ela sabe perfectamente o cambio de goberno que houbo neses intres e, cando eles se fixeron cargo de Obras e Servizos, o primeiro que fixeron foi poñer en coñecemento de todos os grupos da oposición que había o POS e o PAS e que había unha parte dentro do PAS para a cal podían facer calquera tipo de recomendacións. Así o fixeron.

Respecto da pregunta realizada nas comisións, que preguntou que pasara coas propostas de ACdC, dille que eles dixéronlle, pero simplemente por un tema de transparencia, que lle preguntara ao xefe por que non entraron. É verdade, había moi pouco tempo. Dependendo de que camiño ou de que obra pediran, o xefe do servizo podería facer o proxecto ou non o podería facer, e dille que así llelo comunicaron.

Reitera que simplemente era un tema de transparencia. Non era unha decisión política, de dicir ese camiño si, ese camiño non, senón que era un tema de tempos, nada máis. Só quería aclarar ese tema. Dálle a razón en que non son os tempos que realmente deberían ter sido.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que impregnados do espírito de fraternidade, concordia, xenerosidade, destas entrañables datas, o seu voto vai ser positivo. Entendendo ademais que polo civil ou polo criminal hai que acometer canto antes a obra do campo de fútbol de Brexo Lema. Ben está o que ben acaba.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que no seu grupo tamén van votar a prol, porque son obras que benefician a Cambre a aos seus veciños.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a integran, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Antes do remate da sesión, toma a palabra o Sr. alcalde para dicirle aos veciños que este pleno fíxose porque a documentación non estivo a tempo para o pleno ordinario do mes de novembro, e non chegaban tampouco, por temas de tempos ao pleno ordinario do mes de decembro, por iso se fixo este pleno extraordinario. Di que debeu dicir ao principio por que se facía o pleno extraordinario e explicarlle un pouco aos veciños por que se fixo desta maneira.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia